



Expediente núm.: 513/2016

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local

Acta da sesión: ORDINARIA

Día e hora da reunión: 19 DE OUTUBRO DE 2016, 14:00 HORAS.

Lugar de realización: DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA

Asistentes: ALCALDE: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, VOGAL, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL; SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

Ausentes:

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta da sesión ordinaria do 7 de setembro de 2016
- 2 Aprobación da acta da sesión extraordinaria do 27 de setembro de 2016
- 3 Aprobación da acta da sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2016
- 4 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión extraordinaria do 14 de outubro de 2016
- 5 Licenzas
- 6 Comunicacions previas
- 7 Outros asuntos
- 8 Asuntos de urxencia
- 9 Rogos e preguntas

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASISTENTES:

ALCALDE: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA

Tenentes de alcalde:

DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL
DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 14:00 HORAS do día 19 de outubro de 2016, reúnense nas dependencias da alcaldía da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN ORDINARIA, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ



(CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1 Aprobación da acta da sesión ordinaria do 7 de setembro de 2016

Sometida a aprobación a acta da sesión ordinaria do 07.07.2016 prodúcese o seguinte resultado:

- A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión ordinaria do 07.09.2016.

2 Aprobación da acta da sesión extraordinaria do 27 de setembro de 2016

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria do 27.09.2016 prodúcese o seguinte resultado:

- A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria do 27.09.2016.

3 Aprobación da acta da sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2016

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria do 30.09.2016 prodúcese o seguinte resultado:

- A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

Abstense da súa votación o vogal Fernando Alfredo Pensado Barbeira, por non estar presente na sesión que se somete a aprobación.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria do 30.09.2016.

4 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión extraordinaria do 14 de outubro de 2016

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria do 14.10.2016 prodúcese o seguinte resultado:

- A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno



Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria do 14.10.2016.

5 Licenzas

Solicitud de licenza de segregación e agrupación de parcelas rústicas, interesada por María Estrella Carrera Rivas

Vista a solicitude formulada por María Estrella Carrera Rivas, acompañada de proxecto técnico instando autorización municipal ou licenza de segregación e agrupación de parcelas rústicas situadas no lugar de Gundiá, na parroquia de Albá, en Palas de Rei.

As parcelas motivo de segregación e agregación atópanse en solo non urbanizable de núcleo rural de carácter tradicional, situadas na parroquia de Albá, no municipio de Palas de Rei, e cunha superficie inicial segundo o seguinte detalle:

Parcela Matriz 1, *Terreo de Balboa*, parcela motivo de agrupación, está catastrada ou identificada no plano parcelario do catastro como parcela 288 polígono 21, cunha superficie inicial de 201,00 m².

Parcela Matriz 2, *Terreo de Balboa*, parcela motivo de agrupación, está catastrada ou identificada no plano parcelario do catastro como parcela 291 polígono 21, cunha superficie inicial de 895,00 m².

Parcela Matriz 3, *Terreo de Balboa*, parcela motivo de segregación, da cal se pretende segregación de unha porción de terreo, quedando dividida en dúas parcelas distintas, está catastrada ou identificada no plano parcelario do catastro como parcela 290, polígono 21, cunha superficie inicial de 438,00 m².

A situación inicial das parcelas arriba descritas atópase, de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Palas de Rei, en solo non urbanizable de núcleo rural de carácter tradicional, situadas na parroquia de Albá, no municipio de Palas de Rei, todo elo segundo toma de datos de campo e traballo de gabinete de acordo cós criterios e có equipo que se relaciona no "proxecto de segregación e agrupación de parcelas rústicas", redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, Javier López López, colexiado nº 1049 do COITA.

Segundo se desprende da descrición feita polo técnico redactor do proxecto, a segregación e agregación simultánea pretendidas, e en unidade de acto, teñen como obxecto a regularización e reorganización da propiedade sen que resulte un maior número de parcelas respecto do estado orixinal.

Da "Matriz 3" inicial, parcela 290 polígono 21, *Terreo de Balboa*, 438,00 m² faise segregación de unha porción de terreo resultando dúas parcelas: porcións de parcela segregada 244,00 m², *parcela 290 A*, e resto de parcela Matriz 3, 194,00 m², *parcela 290 B*.



A porción de terreo segregado da finca Matriz 3, 244,00 m², agregarase á finca descrita como Matriz 2, parcela 291 polígono 21, *Terreo de Balboa*, pasando así a ter unha superficie total final de 1.139,00 m².

A porción de terreo sobrante da segregación, da finca Matriz 3, 194,00 m², agregarase á finca descrita como Matriz 1, parcela 288 polígono 21, *Terreo de Balboa*, pasando así a ter unha superficie total final de 395,00 m².

A segregación regulariza ou reorganiza propiedade ou parcelas, sen aumentar o número das descritas inicialmente, de acordo co disposto no artigo 149 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia.

Visto que instruíuse o correspondente procedemento para a concesión de licenza.

Visto informe técnico emitido en data do 13 de outubro de 2016, que literalmente di,

“

INFORME TÉCNICO	Referencia: 1493 /2016
Peticionario: María Estrella Carrera Rivas Asunto: SEGREGACIÓN E AGREGACIÓN DE PARCELAS DNI: 34185177 R SITUACIÓN: GUNDIÁ - ALBÁ - PALAS DE REI	
Ref. catastral: Parcelas 288, 291 e 290 do polígono 21	DATA: 13/10/2016

Antecedentes

En data 16/09/2016 realizouse informe técnico con referencia 1483/2016 sobre a segregación e agregación de parcelas, presentada por María Estrella Carrera Rivas, e asinado por D. Javier López López enxeñeiro técnico agrícola con número de colexiado 1.049.

Advertidas deficiencias no documento presentan a modificación:

- Que se cometeu un erro na delimitación da planimetría que define as parcelas resultantes, polo que a superficie final consignada non é correcta.
- Que tamén se cometeu un erro de redacción o consignar o nome da solicitante, figurando María Carreira Rivas, cando en realidade o seu nome correcto é María Estrella Carrera Rivas.

Comprobación do cumprimento da normativa

Documentación

Presenta proxecto técnico redactado por D. Javier López López enxeñeiro técnico agrícola con número de colexiado 1.049.



Conten memoria urbanística indicando a finalidade da actuación proxectada razoando a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e ordenanzas aplicables a el.

Achega plano de situación a escala adecuada.

O plano de situación reflíctese sobre planimetría municipal.

Normativa

É de aplicación o disposto na disposición transitoria primeira, da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento: 2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras: c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

É de aplicación o artigo 149. División e segregación de predios en solo rústico, da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinarmente existente.

Segregación e agregación propostas

“1.- Antecedentes y objeto

En el mes de Julio de los corrientes se realiza el encargo por parte de D. **Avelino Sanmartín Andrade y Da María Carreira Rivas**, con el objeto de describir la segregación de una parcela propiedad del Sr. Sanmartín Andrade para su posterior agrupación.

De esta forma se lleva a cabo este trabajo que consiste en la toma de datos de campo y trabajo de gabinete, de acuerdo con los criterios y con el equipo que se relacionan en la presente memoria.

La redacción del mismo recae en el Ingeniero Técnico Agrícola, Javier López López, Colegiado número 1.049 en el Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas de A Coruña y Pontevedra. El despacho profesional se sitúa en la Avda. de Lugo, 60 - Entreplanta B, de Palas de Rei (27.200 - Lugo), con número de teléfono y fax 982 38 04 11 y teléfono móvil 639 82 00 24.

2.- Descripción y Estado actual



El lugar que nos ocupa se encuentra sito en **Gundiá**, parroquia de **Albá**, perteneciente al término municipal de **Palas de Rei** (Lugo). La descripción actual de las parcelas es la siguiente:

Titular.- María Carreira Rivas y esposo

Parcela 288 - Terreo de Balboa, a prado, con una superficie de **dos áreas una centiárea** (201 m²). Linda: Norte, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 290); Sur, camino del Agro da Porta; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, Avelino Sanmartín Andrade.

Referencia catastral: polígono 21 parcela 288.

Parcela 291 - Terreo de Balboa, a prado, con una superficie de **ocho áreas noventa y cinco centiáreas** (895 m²). Linda: Norte, parcela catastral 292; Sur, Avelino Sanmartín Andrade; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, camino público.

Dentro de su perímetro se encuentra enclavado un almacén y una palleira que ocupan ciento cuarenta y tres metros cuadrados (143 m²) junto con un hórreo. Referencia catastral: polígono 21 parcela 291.

Titular.- Avelino Sanmartín Andrade

Parcela 290 - Terreo de Balboa, a huerta y prado, con una superficie de **cuatro áreas treinta y ocho centiáreas** (438 m²). Linda: Norte, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 291); Sur, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 288) y en parte con Avelino Sanmartín Andrade; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 291).

Referencia catastral: polígono 21 parcela 290.

3.- Segregación pretendida

Se proyecta segregar la **parcela 290** de forma que resulten **dos nuevas parcelas** con la siguiente descripción:

Parcela 290 A - Terreo de Balboa, a huerta y prado, con una superficie de **dos áreas cuarenta y cuatro centiáreas** (244 m²). Linda: Norte, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 291); Sur, con la **parcela 290 B** procedente de esta segregación y en parte con Avelino Sanmartín Andrade; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 291).

Parcela 290 B - Terreo de Balboa, a huerta y prado, con una superficie de **un área noventa y cuatro centiáreas** (194 m²). Linda: Norte, con la **parcela 290 A** procedente de esta segregación; Sur, María Carreira Rivas y esposo (parcela catastral 288); Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, con la parcela 290 A procedente de esta segregación.



4.-Agrupación pretendida

Una vez realizada la segregación descrita anteriormente se proyecta agrupar las parcelas resultantes de forma que resulten **dos nuevas parcelas** con la siguiente descripción:

Titular.- Avelino Sanmartín Andrade

Parcela 288 - 290 B (Terreo de Balboa), a prado, con una superficie de **tres áreas noventa y cinco centiáreas** (395 m²). Linda: Norte, con la parcela 291-290 A procedente de esta agrupación; Sur, camino del Agro da Porta; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, Avelino Sanmartín Andrade y con la parcela 291-290 A procedente de esta agrupación.

Titular.- María Carreira Rivas y esposo

Parcela 291 - 290 A (Terreo de Balboa), a prado, con una superficie de **once áreas treinta y nueve centiáreas** (1.139 m²). Linda: Norte, parcela catastral 292; Sur, Avelino Sanmartín Andrade y con la parcela 288-290 B procedente de esta agrupación; Este, Avelino Sanmartín Andrade (parcela catastral 298); Oeste, camino público.

Dentro de su perímetro se encuentra enclavado un almacén y una palleira que ocupan ciento cuarenta y tres metros cuadrados (143 m²) junto con un hórreo.

5- Adecuación a la Ordenanza Municipal

La segregación propuesta se realiza al amparo del artículo 149 de la Ley 2/2016, de 10 de Febrero del Suelo de Galicia, con la finalidad de reorganizar la propiedad, siempre y cuando no resulten un mayor número de parcelas respecto al estado original.

Las parcelas proyectadas cumplen las condiciones mínimas exigibles dentro la ordenanza (Suelo no urbanizable de núcleos rurales existentes de carácter tradicional), presentarán una configuración regular y no se observan limitaciones expresas y excepcionales en lo referente a retranqueos, fondo máximo, etc. El resto de condiciones y exigencias de esta Ordenanza han de considerarse a la hora de edificar ya que inicialmente no afectan a la segregación.

Conclusión

A actuación indicada resulta viable desde o punto de vista urbanístico. “

Visto o informe xurídico emitido en data do 14 de outubro de 2016, e que obra no expediente.



Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder agás o dereito de propiedade e sen prexuízo co común ou de terceiro a María Estrella Carrera Rivas, a licenza para segregación e agrupación de parcelas para regularización das mesmas, sendo o resultado final:

Finca Resultante 1, *Terreo de Balboa parcela 291-290 A*, situada no lugar de Gundiá, na parroquia de Albá, no municipio de Palas de Rei, na provincia de Lugo; cunha superficie total final de mil cento vinte e cinco metros cadrados (1.139,00 m²).

Finca Resultante 2, *Terreo de Balboa parcela 288-290 B*, situada no lugar de Gundiá, na parroquia de Albá, no municipio de Palas de Rei, na provincia de Lugo; cunha superficie total final de trescentos noventa e cinco metros cadrados (395,00 m²).

Segundo. Aprobar os dereitos e taxas que corresponda segundo Ordenanza municipal, e que ascenden a un total de trinta e nove euros con catro céntimos (39,04 €).

Terceiro. Dar traslado do presente acordo ao interesado xunto cunha copia do informe técnico municipal, e con indicación dos recursos que proceden.

Cuarto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza. “

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si non fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a



contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución ou acordo, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

6 Comunicacions previas

NON SE PRODUCIRON

7 Outros asuntos

NON SE PRODUCIRON

8 Asuntos de urxencia

NON SE PRODUCIRON

9 Rogos e preguntas

NON SE PRODUCIRON

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás CATORCE HORAS E QUINCE MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

V. e pr.

SECRETARIO-INTERVENTOR,

ALCALDE,

Ayuntamiento de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



IVÁN PONTE MAHIA

PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA